

# MISA CON NENOS

## 24 de decembro 2017

### 4º ADVENTOº-B

Evanxeo de LUCAS 1, 26-38: "Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo".

Mensaxe: Busca a ESTRELA que oriente a túa vida.  
ACÓLLEO no teu corazón e nacerá en ti.



## 1. ACOLLIDA

*Irmáns e irmás:*

Chega o Nadal. Durante estas semanas de Advento estivémonos preparando coa oración, a conversión, a alegría... Neste último domingo de Advento miraremos a María, a que mellor acolleu a Xesús levándoo no seu seo e sobre todo no seu corazón e na súa vida. Xesús quere nacer en ti, ábrele o teu corazón, recíbeo coa mesma alegría, esperanza e



dispoñibilidade da Nai de Deus.

**Saúdo do Sacerdote:** *O Señor, que co si de María nos deu o Salvador, sexa convosco.*

*(Poderíase colocar o cartel de Fano. Tamén poderíamos poñer o compás co 4º pergamiño de Fano. Ou colocar xunto ao altar un berce moi grande baleiro cunha frase: "ACÓLLEO no teu corazón e nacerá en ti").*

## 2. A COROA DE ADVENTO: Vela 4

**Monitor:** Comezamos a cuarta semana de Advento, a máis pequena. Mañá celebraremos o Nadal. Acendemos o cuarto cirio da coroa de Advento: o da acolleita de Xesús (os anteriores eran oración, conversión, alegría). (Acéndese o cirio 4º mentres se di esta oración).

**Sacerdote:** *Señor, Xesús: María deu un si grande ao desexo de Deus de que fose a súa Nai. E o seu corazón encheuse de alegría, de paz, de confianza, como o de calquera nai chamada a dar a luz a unha nova criatura. Rogámoste que o corazón dos cristiáns sexa como o berce que espera, como María que acolle con ilusión e tenrura o Neno que vai nacer. Ven axiña Señor, ven Salvador!*

**Todos:** Ven, Señor Xesús!



## 3. PERDÓN *Recoñecemos humildemente os nosos pecados.*

-Ti, fillo de María, noso irmán e Salvador. *Señor, ten piedade de nós.*

-Ti, compañeiro e amigo, consolo para os que sofren. *Cristo, ten piedade de nós.*

-Ti, Deus connosco, Boa Nova, amor sen fin. *Señor, ten piedade de nós.*

**Todos:** Ven, Señor Xesús!

## 4. LECTURAS

Na primeira lectura proclámase que Deus dará a David un descendente, o Mesías, para salvar o seu pobo. Na segunda lectura escoitaremos o canto de loanza que proclama Paulo pola salvación de Deus. O Evanxeo é o gran anuncio do Señor que vén na pobreza, na sinxeleza dun neno, ao mundo no seo de María.

## 5. PETICIÓNS

*Nesta última semana de Advento, unímonos en oración ante Ti, Señor, para dicirche.*

**–Que te acollamos na nosa familia.**

1. Pola Igrexa para que sexa unha familia onde reine o amor. **Oremos.**

2. Polas nais para que queiran moito a Xesús e ensinen os seus fillos a querelo. **Oremos.**

3. Para que a exemplo da Virxe María digamos sempre si a Deus. **Oremos.**

4. Para que acollamos a Xesús e naza no noso corazón e nas nosas vidas. **Oremos.**

5. Para que levemos a Xesús á nosa familia e aos que nos atopemos. **Oremos.**

6. Para que a nosa parroquia reciba con alegría a Xesús e sexa para sempre a súa casa. **Oremos.**

Ven Señor, ti que traes a paz e a alegría ao mundo. Ven salvarnos, ti que vives e reinas polos séculos dos séculos.

## 7. OFRENDAS

- CORAZÓN:** Ofrecémosche este corazón (feito polo grupo de catequese), poñémolo diante do altar porque che queremos ofrecer os corazóns das nosas nais que como a túa, María, cóidannos e protéxennos.
- BERCE BALEIRO:** Con este berce baleiro representamos o noso desexo de que Xesús veña ás nosas familias e que acollamos a Xesús nas nosas vidas, nas nosas parroquias e nos nosos corazóns.
- PAN E VIÑO:** Ofrecémosche tamén este pan e este viño a través dos cales Cristo nace en cada Eucaristía para ser o noso alimento, a nosa forza, a nosa vida.



## 7. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Advento 4º B

### ADVENTO 4º-B

- Anunciación, debuxos <https://www.youtube.com/watch?v=dHW-2iemGvo>
- Anunciación, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=kCispavok50#t=47>
- Lecturas e reflexión <https://www.youtube.com/watch?v=njhhbEe0V7w>
- Deste novo amencer, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=8zxvYjrsRvY>
- Deixade espazo ao Señor, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=8vYZmoq8U4I>
- Regalos que aluman, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=N5bwAdHC1gQ>

### VÍDEOS DE NADAL

- A historia do nacemento, Feliz día de anos de Xesús : <https://www.youtube.com/watch?v=BDeKxGMys4>
- Superlibro - O Primeiro Nadal: <https://www.youtube.com/watch?v=IQ8fu-cKtc4>
- O Nadal - (Versión resumida para nenos) - Heroes e Lendas da Biblia: [https://www.youtube.com/watch?v=kRoFpuZHQ\\_c](https://www.youtube.com/watch?v=kRoFpuZHQ_c)
- O primeiro regalo de Nadal | Naceu Xesús: <https://www.youtube.com/watch?v=D45QcieaZ68>
- Os catro Reis Magos: <https://www.youtube.com/watch?v=mZNYAlzO11Y>
- A Historia de Nadal: <https://www.youtube.com/watch?v=PVddhxUl4U>
- O nacemento de Xesús, A historia de Xesús: [https://www.youtube.com/watch?v=Nc\\_OGSRzmqk](https://www.youtube.com/watch?v=Nc_OGSRzmqk)
- O nacemento de Xesús: <https://www.youtube.com/watch?v=HiRL2Zq03co>
- Un conto de nadal para nenos: <https://www.youtube.com/watch?v=F-en55HPxOM>



## 8. SUXESTIÓNS

- Acendemos na casa a 4ª vela de Advento (a vela da acollida).
- Tal como indicamos arriba poderíase colocar o cartel de Fano.
- Se fixemos o compás-estrela de Fano engadímollle o 4ª ronsel con chinchetas e a veliña do 4º domingo. Poñemos a frechiña do compás cara ao norte, a estrela que nos guía cara a onde camiñar. Xesús é o noso GPS, o seu amor é o proxecto para a nosa vida.
- + Poñede o belén na casa e no templo, preparade un belén vivente, colcade nun lugar un berce baleiro que exprese o voso desexo de acollelo. Vede a forma de felicitar o Nadal a todos.

### **Bendición Cea Noiteboa**

**Pai: Hoxe celebramos o Nadal, o día en que teu Fillo, por amor a nós, fíxose home e naceu de María. Ese Neno reúnenos en esta noite, arredor da mesa que imos compartir cheos de ledicia, porque El nos fai sentir máis que nunca, Familia.**

**Por iso pedímusche que nos bendigas e bendigas o pan que o teu Amor nos ofrece. E pedímusche por aqueles que non teñen pan, casa ou traballo, por aqueles que non teñen paz, porque lles faltas Ti.**

**Por mediación de María, rogámusche que o corazón de cada cristián sexa un humilde presebe, onde Xesús poida nacer, e así, superando todo lo que nos divide, construíamos un mundo de irmáns.**

**Bo Nadal e Ledo Aninovo!**



*Feliz  
Navidad*